



Equipo de Dinamización da Lingua Galega

IES San Clemente

Santiago de Compostela, Galiza, España

www.ies.sanclemente.net/?p=5324



Se es artista e docente, animámoste a inscribirte no grupo de [Artistas enREDados](#) e a participar na exposición titulada [dúas illas](#) cunha obra relacionada **coas illas de Arousa e Chrysí**, mostrando aspectos sobre a natureza, xeografía, historia, cultura, turismo sustentable, **xustiza social**, etc. destas illas.

Envíanos á dirección edlg@ies.sanclemente.net até o **24 de abril de 2016**, unha fotografía (ou fotografía do teu debuxo, pintura ou mural, escultura ou outro obxecto artístico) con suficiente resolución para imprimila a cor en formato **A3**, en **vertical**.

Inscríbete neste [formulario web](#), no que debes incluír unha explicación, reflexión, poema, etc. que acompañará a túa imaxe. Tamén podes enviar un enlace a un pequeno vídeo relacionado coa túa obra.

Non esquezas asinar a túa imaxe nun lugar discreto pero visible.

As obras recibidas imprimiranse e expoñeranse para celebrar a Semana da Educación Artística en maio de 2016, nas cidades de Santiago de Compostela, Illa de Arousa (Galicia, España) e Ierápetra (Creta, Grecia). Os artistas recibirán un certificado de participación e un catálogo da exposición con ISBN, en galego e grego.

Podes atopar inspiración [nesta ligazón](#) e ver [máis información](#) sobre o proxecto eTwinning relacionado.

As comisarias da exposición:

Cristina París e María Sourgiadaki